

LINGUA E SOCIEDADE

1. As funcións sociais da lingua

A función básica dunha **lingua** é a de servir como **medio de comunicación** entre os membros dunha comunidade. Ademais, unha lingua constitúe a institución e riqueza cultural básica da comunidade dos seus falantes, a quen facilita unha **identificación** como **grupo humano** cunhas características propias e particulares. Cada vez que empregamos o idioma propio pomos de manifesto a nosa orixe, a nosa pertenza a unha comunidade e a nosa vinculación a unha cultura.

Dependendo dos **niveis e ámbitos sociais de uso** dunha lingua, a **función comunicativa básica** concrétese noutras **funcións matrices** máis específicas.

Función de identidade	A lingua articula o pensamento e o coñecemento do mundo no seo de cada individuo.
Función familiar	Permite a relación e a interacción cotiá entre todos os membros dunha familia.
Función laboral	Posibilita a comunicación no mundo do traballo. En Galicia esta función repártese entre galego e castelán e mesmo en certos casos, como a atención ao público, prima o emprego do castelán.
Función local	Favorece os contactos entre persoas da mesma contorna: amizades, compañías etc. O uso do castelán vai ocupando progresivamente esta función en detrimento do galego.
Función nacional ou institucional	Propicia a comunicación entre a cidadanía e os diferentes estamentos políticos, administrativos etc. O castelán desempeña esta función maioritariamente (mundo xudicial, administrativo...), aínda que se reservan ao galego algúns usos máis ou menos anecdóticos (certas administracións locais, campañas publicitarias autonómicas, intervencións políticas públicas...).
Función cultural ou de civilización	Serve como medio para expresar e recibir os saberes das ciencias, das artes e da cultura en xeral.
Función internacional	Aparece cando unha lingua é usada por falantes de varios países con linguas propias diferentes para se entenderen entre si. Actualmente, no sentido estrito, só cumpre esta función o inglés.

Tanto a función de **identidade** como a **familiar** dependen da aprendizaxe directa do individuo a través dun contacto espontáneo (**aprendizaxe primaria**) e dáse durante a infancia; a función **cultural**, por exemplo, depende do estudo da lingua por parte do falante (**aprendizaxe secundaria**).

As linguas e as súas complexas incidencias sobre a identidade, a comunicación, a integración social, a educación e o desenvolvemento, revisten unha importancia estratéxica para as persoas e para o planeta. Porén, debido ao proceso de globalización, moitas delas encóntrase cada vez máis ameazadas de desaparición, ou están desaparecendo por completo.

Cando unhas linguas se extinguen, empobrécese o rico tecido da diversidade cultural. Pérdense tamén posibilidades, tradicións, memorias, modos singulares de pensamento e expresión, recursos valiosos para lograr un futuro mellor.

<http://portal.unesco.org/culture/es/> (trad.)

2. Diversidade lingüística

A humanidade conforma un mosaico de razas, culturas e linguas diferente, porén, mostra grande homoxeneidade no que atinxe a cuestións esenciais. Certo é que, na procura de solucións concretas, cada comunidade tenta atopar aquelas que mellor se adaptan en cada momento ás súas peculiaridades, agromando así as diferentes tradicións culturais e hábitos sociais que identifican os distintos pobos e nacións.

A diversidade cultural, étnica e lingüística é unha condición esencial da natureza humana. Hai que respectar e valorar esa riqueza como o principal patrimonio común da humanidade, sen menoscabo do desenvolvemento social e económico de todas as nacións nin do recoñecemento universal dos dereitos e liberdades individuais.

As especulacións acerca da orixe da linguaxe humana, que ciclicamente suscitan debates e experiencias fascinantes, rematan sempre nun camiño sen saída por falta de probas incontestables. Asumida esa contrariedade, só queda seguir especulando para procurar novas conclusións dentro do ámbito científico.

Tres son os puntos de vista máis importantes verbo da orixe da linguaxe:

Monoxénese	Todas as linguas derivan dunha orixe común: unha lingua orixinal
Polixénese	A linguaxe xorde simultaneamente en varios lugares: diversas linguas orixinais
Ecléctico	Todas as linguas derivan dun único “punto” , pero que realmente foi unha “liña” ou tendencia dunha época anterior extinta na que xurdiran varias linguas independentes


2.1 FAMILIAS DE LINGUAS

Ata onde sabemos, todas as linguas foron orixinariamente dialectos doutra anterior. Forman unha **familia** aquelas linguas que están historicamente emparentadas, é dicir, que derivan dunha mesma lingua.

A metade da poboación mundial fala algunha das máis de mil linguas indoeuropeas que se conservan.

Aproximadamente unha quinta parte exprésase nunha lingua de orixe chinés-tibetana.

Moitos menos falantes posúen as linguas das familias semítica, africana, malaio-polinésica etc.



O tronco **indoeuropeo** estendeuse entre a India e o oeste de Europa e comprende doce grupos de linguas entre os que están o **italico**, do cal deriva o **latín**.



As linguas da **familia indoeuropea** (xermanas, célticas, románicas, eslavas, gregas, bálticas...) constitúen a práctica totalidade dos idiomas europeos actuais, agás o éuscara (País Vasco), o maxiar (Hungría), o finés (Finlandia) e o turco (Turquía).

Do latín, estendido co Imperio Romano, derivan as **linguas romances, románicas** ou **neolatinas**, entre as que se atopan as da península Ibérica, agás o éuscara.

2.2 SITUACIÓN LINGÜÍSTICA NO MUNDO E EN EUROPA

É difícil precisar o número de linguas faladas actualmente no mundo. Cóntase cun censo de **entre catro e seis mil**, pero as estimacións poden variar **entre as tres mil e as dez mil**

LINGUAS DO MUNDO POR MILLÓNS DE FALANTES NATIVOS

1. Chinés-mandarín	918
2. Español	480
3. Inglés	379
4. Hindi	341
5. Árabe	255
6. Bengali	228
7. Portugués	221
8. Ruso	170
9. Xaponés	128
10. Panxabí	92,7
11. Alemán	95
12. Turco	88
13. Chinés-Wu	80,7
14. Francés	80
15. Coreano	77,2
...	...
160. Galego	2,4

LINGUAS DE EUROPA POR MILLÓNS DE FALANTES NATIVOS

1. Ruso	135
2. Alemán	95
3. Francés	70
4. Inglés	69,5
5. Italiano	65
6. Polaco	45
7. Español	40
8. Ucraíno	38
9. Romanés	24
10. Turco	18
11. Austro-bávaro	14
12. Húngaro	13
13. Grego	12,5
14. Checo	11
15. Portugués	10,5
...	...
23. Galego	2,4



Esta diversidade lingüística correspóndese coa **variedade de situacións** nas que se atopan as linguas.

Por exemplo, desde o punto de vista político-xeográfico:

Linguas con Estado	Representan un país de forma oficial e legal (o italiano é a lingua oficial de Italia, o portugués, de Portugal e do Brasil...)
Linguas sen Estado	Son propias de territorios sen independencia política (o bretón no noroeste de Francia, o galego, o catalán...)
Linguas oficiais en máis dun Estado	O portugués, o español, o francés, o inglés, o alemán, o árabe...
Estados unilingües	Son moi escasos; en Europa só son unilingües Islandia, O Vaticano, San Marino e Liechtenstein.
Estados plurilingües	É a situación máis habitual; por exemplo, na República Popular de China empréganse unhas cincuenta linguas.

En cada Estado adoita haber unha soa lingua oficial. Porén, pódense aplicar **diferentes políticas lingüísticas**: unha **única lingua oficial** en todo o Estado (Francia, EE.UU.), **varias linguas oficiais** en cadanseu territorio do Estado (Suíza, Bélxica) ou **unha soa lingua oficial estatal con linguas cooficiais** en determinadas partes do territorio (España).


A situación nalgúns países europeos resúmese así:

Monolingüismo real: Islandia, San Marino, Liechtenstein	Autonomía lingüística: España (galego, catalán, éuscaro), Dinamarca (feroés, groenlandés)
Monolingüismo ficticio: Francia, Grecia	Estados bilingües: Irlanda (irlandés ou gaélico, inglés), Finlandia (finés, sueco)
Tolerancia de minorías lingüísticas: Gran Bretaña (galés), Países Baixos (frisón occidental)	Estados multilingües: Suíza (alemán, francés, italiano, retorrománico ou romanche), Bélxica (flamengo, alemán, francés)

2.3 A REALIDADE PLURILINGÜE DA PENÍNSULA

A Constitución Española de 1978 e o establecemento das Autonomías permite que, **catalán, galego e éuscaro**, sexan **linguas oficiais** nos seus territorios xunto co **castelán**.

No seguinte mapa podes observar a localización das linguas oficiais que se falan na Península Ibérica, así como doutras variedades lingüísticas vernáculas:



Galego

Conta con case **dous millóns e medio de falantes**, a meirande parte bilingües.

Os seus límites xeográficos non coinciden coa demarcación política actual; ademais de en Galicia, **fálase en zonas estremeiras** da Comunidade Autónoma de Asturias e das provincias de **León e Zamora**.

Persoas segundo a lingua na que falan habitualmente por idade

Año 2018 Medidas=Porcentaxe Espazo=Galicia

	En galego sempre	Máis galego ca castelán	Máis castelán ca galego	En castelán sempre	Total
De 5 a 14 anos	14,27	11,85	29,75	44,13	100,00
De 15 a 29 anos	18,94	18,45	30,75	31,86	100,00
De 30 a 49 anos	23,66	20,64	28,25	27,45	100,00
De 50 a 64 anos	32,78	25,35	21,51	20,36	100,00
De 65 ou máis anos	48,48	24,91	12,96	13,65	100,00
Total	30,57	21,72	23,32	24,40	100,00

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares

Castelán

Ten máis de **catrocentos millóns de falantes** espallados por todo o mundo e é lingua oficial en 22 Estados. Convive coas linguas periféricas españolas desde unha situación de **cooficialidade hexemónica**.

Comparte a condición de idioma oficial con outras linguas tamén no **Perú**, co **quechua** e co **aimará**, e en **Paraguai**, co **guaraní**.

Nos **EE.UU.** a súa situación achégase máis á das **linguas minorizadas**.

Linguas maternas nas comunidades autónomas con idiomas cooficiais de España
(porcentaxe sobre a poboación total)

Comunidade Autónoma	Castelán	Lingua cooficial	Ambas por igual	Outras
Galicia	30,9 %	Galego 40,9 %	25,3 %	2,9 %
Illas Baleares	48,6 %	Catalán 37,9 %	3,6 %	9,9 %
Cataluña	55,1 %	Catalán e aranés 31,0 %	2,4 %	10,1 %
Comunidade Valenciana	60,8 %	Valenciano (catalán) 28,8 %	9,5 %	0,8 %
País Vasco	76,4 %	Éuscaro 17,5 %	6,0 %	n/d
Navarra	91,9 %	Éuscaro 6,1 %	2,8 %	n/d

Catalán

Conta con preto de **dez millóns de falantes** (a meirande parte bilingües) nas catro provincias de **Cataluña** –agás no Val d’Aran– na Comunidade Autónoma de **Baleares**, na cidade sarda de **Alguer**, no departamento francés dos Pireneos Orientais (antigo **Rosellón**), en **Andorra la Vella**, na Comunidade Autónoma de **Valencia** (onde se chama idioma **valenciano**), nunha franxa da Comunidade Autónoma de **Aragón** e no norte de **Murcia**.

É lingua **oficial** das Comunidades Autónomas de **Cataluña**, **Baleares** e **Valencia** (nesta, baixo a denominación de valenciano) xunto co castelán.

A súa recuperación é hoxe un feito debido, entre outras causas, á política de inmersión lingüística levada a cabo pola *Generalitat* e ao gran prestixio cultural e social que conservou.

Éuscaro

É a única lingua preindoeuropea existente na Europa occidental. Conta con máis de **oitocentos cincuenta mil falantes** (todos bilingües) no **País Vasco**, norte de **Navarra** e **suroeste de Francia**.

Ten unha rica literatura popular, principalmente oral (aínda hai *bertsolaris*, que destacan na arte de improvisar estrofas), e unha literatura culta en constante expansión.

Asturiano (asturleonés)

Viu moi reducido o seu ámbito de uso debido á presión do castelán. Hoxe fálase principalmente no Principado de Asturias.

Goza de protección estatutaria en Asturias. Conta cuns **cen mil falantes**. Dispón de gramática, dicionario e normas ortográficas, así como dunha **Academia de la Lengua Asturiana**.

O **mirandés** (lingua románica do grupo asturleonés) é idioma oficial na localidade de Mirando do Douro, no distrito portugués de Bragança. Ten 15 000 falantes.

Aragonés

Mantense só como lingua falada nalgúns vales da provincia de Huesca. Aínda que o Estatuto de Autonomía instaba á protección da lingua, a realidade é que sufriu un proceso de abandono e viuse relegada ao ámbito das relacións familiares e veciñais.

Aranés

Esta **variante do gascón** –unha das catro modalidades do **occitano**– é falado na actualidade por máis da metade da poboación do Val d’Aran (Lleida), preto de 3000 persoas.

O Estatuto de Autonomía de Cataluña reconece o seu **ensino escolar**.


Dispón de gramáticas e dicionarios, así como unhas *Nòrmes Ortogràfiques der Aranés* (1982).

2.4 O PORTUGUÉS E A LUSOFONÍA

Froito da expansión colonial desde o século XV, o **portugués** é un dos idiomas máis espallados por todo o mundo.

Conta con máis de **douscentos millóns de falantes**. Despois do español, é o idioma románico máis usado. É lingua oficial en **Portugal**, no **Brasil**, en **Angola**, **Cabo Verde**, **Guiné-Bissau**, **Mozambique**, **São Tomé e Príncipe** e **Timor-Leste**.

O **portugués e o galego** foron na súa orixe unha mesma lingua, compartiron a primeira parte da súa historia e conforman o que se pode denominar **complexo lingüístico galego-portugués**.



A **lusofonía** é unha entidade que engloba os falantes de portugués ao redor de todo o mundo. Na actualidade son máis de douscentos cincuenta millóns de persoas que se organizan en países, nacións sen Estado, colectivos e comunidades diversas. O propósito é fomentar e potenciar as relacións entre os falantes e as comunidades ou nacións nas que se integran.

O concepto xa aparece como obxectivo utópico en autores como Antonio Vieira ou Pessoa. En 1902 o historiador Silvio Romero propón un proxecto de unión entre os falantes de lingua portuguesa, a semellanza do modelo inglés.

En 1996 créase a *Comunidade dos Países de Língua Portuguesa* (CPLP) que, en colaboración co *Instituto Internacional da Língua Portuguesa* (ILLP), fomenta iniciativas para a promoción da lingua e a cultura, así como o desenvolvemento económico e social das comunidades e países que se integran na lusofonía.

A lingua galega asóciase coa lusofonía en razón da súa vinculación histórica e das estreitas relacións entre a cultura galega e a portuguesa. O mundo da lusofonía pode facilitarlle a Galicia importantes perspectivas de dinamización lingüística, cultural, social e económica.

3. Linguas hexemónicas, linguas minorizadas e linguas minoritarias

Linguas hexemónicas son aquelas que gozan dun gran prestixio social, determinado pola existencia dun **poder político-económico que as potencia**.

Cantas máis **funcións matrices** cumpra unha lingua, maior prestixio social acadará.

Por razóns de índole diversa, as hexemónicas poden interferir no uso normal doutras linguas e privarlas dalgunhas ou de todas as súas funcións sociais.

PAÍSES CON LA MAYOR CANTIDAD DE LENGUAS EXTINTAS DESDE 1950

TOP TEN MUNDIAL



GRÁFICO EE. FUENTE: UNESCO.


LANGUAGE	CENTRALITY ▼	TWEETS	USERS	MULTILINGUALS	SPEAKERS (M)	GDP PER CAP. (\$)
English	0.69329476	255351176	10859465	3129456	1500	32952.6547
Malay	0.48559568	49546710	1651705	1033758	300	6022.801575
Portuguese	0.35208674	46520572	1617409	708142	290	11852.91735
Spanish	0.34811446	44195979	2043468	769887	500	16776.62409
Filipino	0.13316405	1905619	257611	250959	90	4072.879
Dutch	0.10582998	10526980	435128	231807	27	40518.21274
Arabic	0.05422551	9993172	366643	119350	530	8719.562565
Japanese	0.04418507	91669691	2602426	124833	132	34739.655
French	0.03696668	3434065	147843	84199	200	15102.6723
Italian	0.02517954	1586225	89242	52558	70	30623.23002

O **inglés** segue sendo a **lingua hexemónica por antonomasia**, pois é a que maior prestixio social posúe actualmente no mundo e tamén a que se emprega en moitos países de gran potencial económico (o conxunto de Estados que teñen o inglés como lingua oficial representa máis do 60 % da riqueza do Planeta).

Linguas minorizadas son aquelas que, sendo historicamente propias dun pobo, están sometidas a condicións tales que ven **restrinxidas** total ou parcialmente **as súas funcións sociais** de uso en beneficio doutra lingua foránea dominante.

Habitualmente a lingua **minorizada** mantense nos **ámbitos rurais** e nos **usos informais** e de **menos prestixio**, mentres que a lingua **dominante** se vai implantando no **ámbito urbano** e nos **usos formais** e **prestixiosos**. A lingua autóctona vai perdendo consideración (fenómeno de **restrición**), ao tempo que se converte en **lingua recesiva**. Pola súa banda, a lingua foránea, asociada á promoción social e á cultura dos estamentos dirixentes, vai ocupando progresivamente os distintos ámbitos de uso (fenómeno de **expansión**).

LENGUA, ESENCIAL PARA LA IDENTIDAD NACIONAL



O número de falantes non é un factor moi relevante para que unha lingua se considere minorizada. O **islandés**, con 200 000 falantes, ten asegurada a súa supervivencia, pois é idioma nacional e oficial en Islandia; mentres, o **galego** ou o **catalán**, con máis falantes, están en situación de minorización.

A minorización lingüística non é “natural”, senón que é o resultado de procesos históricos nos que predominan políticas de asimilación e unificación derivados da ansia de poder e dominación duns grupos sobre outros. Neste sentido, ao falarmos de linguas minorizadas deberemos considerar estes aspectos:

- **Non hai un Estado que as recoñeza como oficiais.** Normalmente as linguas minorizadas son linguas sen Estado. Mesmo ás veces, linguas oficiais nalgúns Estados europeos –como o **maltés**, o **luxemburgués** e o **gaélico irlandés**– están en situación de minorización.
- **Non coinciden as fronteiras políticas coas lingüísticas.** As fronteiras políticas foron establecidas de maneira artificial e as lingüísticas responden a criterios de formación naturais e históricos, por iso é raro que casen.



En xeral, a situación das linguas minorizadas adoita ser preocupante; algunhas delas, coma o **córnico** ou o **manxés**, xa non posúen falantes; outras, coma o **lapón**, apenas chegan aos 30 000. A actitude dos diferentes Estados ao respecto é diversa:

- **Recoñecemento:** **galego**, **catalán** e **éuscaro** están recoñecidos legalmente na **Constitución española** como linguas cooficiais nas respectivas Comunidades Autónomas, xunto co **castelán**.
- **Obstrucionismo:** a política centralista levada a cabo pola **República Francesa** provoca que as linguas non oficiais do seu territorio – **alsaciano**, **éuscaro**, **bretón**, **occitano** ou **corso**– se atopen en perigo para poder subsistir.

A ameaza de extinción que pesa sobre as linguas minorizadas pode efectuarse por **desaparición** dos seus falantes ou por **deserción e substitución** por outra.

Para evitar esta eventualidade deben adoptarse medidas que favorezan a súa supervivencia, é dicir, abordar a planificación de políticas lingüísticas que teñan como obxectivo a **normalización** do idioma en fase recesiva.

As linguas non son só ferramentas de comunicación sumamente adecuadas, senón que tamén reflicten unha cosmovisión. Son vehículos dos sistemas de valores e das expresións culturais das persoas. Son un compoñente esencial do patrimonio vivente da humanidade. Aínda así, máis do 50 % das aproximadamente 6700 linguas que se falan actualmente están en perigo de extinción. Os expertos consideran que:

- O 96 % das linguas utilizadas no mundo son faladas só polo 4 % da poboación mundial.
- Por termo medio, cada dúas semanas desaparece unha lingua.
- O 80 % das linguas africanas carece de transcripción escrita.

Linguas minoritarias son as que, independentemente da consideración social que teñan, posúen un **relativamente escaso número de falantes**.

Se o concepto de lingua minorizada tiña unha dimensión cualitativa e funcional, o de lingua minoritaria é aplicable só en termos cuantitativos e relativos.

Así como hai linguas maioritarias que poden estar en situación de minorización, tamén existen linguas minoritarias que están minorizadas –o **bretón** (noroeste de Francia) ou o **córnico** (suroeste de Gran Bretaña)– e linguas minoritarias *maiorizadas* –o **islandés** (Islandia)–.

Desde o momento en que todas as comunidades lingüísticas maiores optaron por manter o seu propio idioma ante a globalización, non debería sorprendernos que comunidades menores aspiren ao mesmo obxectivo. Se os alemáns perseguen a globalización, pero queren seguir falando alemán entre eles, por que non deberían aspirar ao mesmo os telugos da India?

Joshua A. Fishman

4. Bilingüismo e diglosia

O termo **bilingüismo** designa a capacidade que ten unha persoa para se expresar cunha destreza parella en dúas linguas (**bilingüismo individual**).

Nun sentido colectivo, úsase **bilingüismo** para aludir á situación das comunidades nas que se empregan dúas linguas, sendo bilingües unha boa parte dos seus membros (**bilingüismo social**).

Desde esta perspectiva, a maior parte dos galegos somos bilingües e tamén o sería a nosa sociedade.

Polo que respecta ao coñecemento das linguas, adoita falarse de **bilingüe pasivo** (quen entende unha lingua, pero non a sabe falar) e **bilingüe activo** (quen é capaz de entender e falar a lingua).

O multilingüismo é un fenómeno moi común no mundo; a maior parte da poboación actual vive en condicións de plurilingüismo. En España, por exemplo, máis do 40 % da poboación vive en territorios bilingües.



En principio, o **bilingüismo** enriquece o individuo, porque lle permite diversos enfoques e visións de distintas linguas, culturas etc. Pero é difícil que esas linguas se atopen en situación de igualdade e proporcionalidade totais dentro dunha comunidade.

Un individuo dunha comunidade bilingüe non vai usar as dúas linguas para o mesmo propósito, senón que empregará a **lingua A** (lingua dominante ou hexemónica) para usos coidados ou cultos e reservará a **lingua B** (lingua dominada ou minorizada) para usos

informais (falar cos amigos, na casa, etc.).

Isto leva a pensar que o **bilingüismo harmónico** (convivencia de dúas linguas en pé de igualdade dentro dunha mesma comunidade) como obxectivo último da política lingüística para o galego conduciría á substitución do noso idioma polo castelán –iso si, mantendo os dereitos individuais dos galegofalantes–, xa que calquera sociedade rexeita o uso simultáneo de dúas linguas diferentes nos mesmos ámbitos.

A **diglosia** prodúcese cando existe un desigual reparto de usos entre variantes dunha mesma lingua ou entre linguas diferentes, de xeito que cada unha cumpre unhas funcións distintas na mesma sociedade e se usan en situacións e contextos diferentes. Xa que logo, a diglosia pode ser de dous tipos:

- **Endodiglosia:** cando se produce entre variantes dunha mesma lingua (en Marrocos o árabe clásico é a lingua oficial, mentres que o árabe magrebí se reserva para usos coloquiais).
- **Exodiglosia:** se se trata de dúas linguas diferentes (galego e castelán en Galicia).

A diglosia dáse, pois, en comunidades en que conviven dúas linguas (linguas en contacto) nunha situación de desequilibrio que pode provocar o conflito lingüístico.

En Galicia caracterízase polo emprego dunha ou outra lingua segundo:

- a) Os **ámbitos sociais de uso:** úsase o galego para as funcións de menor prestixio social (usos informais nas relacións familiares, de amizade etc.) deixando o castelán para representar aquelas

funcións máis cultas e de máis prestixio (usos formais, contactos comerciais, medios de comunicación...).

- b) Os **espazos xeográficos**: emprégase máis o galego no rural e nos arrabaldes das cidades, e o castelán nos núcleos máis céntricos das zonas urbanas.
- c) Os **interlocutores**: dependendo da maior ou menor confianza entre os interlocutores, da súa pertenza a un nivel social medio e alto ou non, da súa adscripción ao mesmo status social ou non... usarase, respectivamente, o galego ou o castelán.

Na loita entre galego e castelán por ocupar a totalidade das funcións sociais posibles –e malia ter mellorado o galego en aspectos como a súa situación legal, a súa inclusión no mundo do ensino etc.– o certo é que o castelán vai avanzando e o galego retrocedendo. Isto non é novo, dado que este avance e difusión progresiva do castelán na nosa comunidade é un proceso que se desenvolve desde finais da Idade Media, partindo dos usos máis formalizados ata ir ocupando outros ámbitos.

Nesta situación de convivencia desequilibrada é cando se produce o **conflito lingüístico**, pois desencadéase unha pugna por ocupar espazos de comunicación (a lingua A aspira ás funcións da lingua B).

Dos tres grupos de falantes que existen en Galicia segundo o seu comportamento lingüístico (**monolingües en castelán, bilingües diglósicos e monolingües en galego**), o terceiro foi diminuíndo ao longo da historia e séguese facendo, de maneira que aumentaron os falantes bilingües diglósicos e os monolingües en castelán. A tendencia é, polo tanto, a de camiñar cara á substitución do galego polo castelán e isto só se pode evitar mediante unha **política lingüística axeitada**, que canalice o proceso de **normalización lingüística** do noso idioma.

Porén, existen algúns perigos á hora de levar a cabo unha política lingüística eficaz, xa que non é infrecuente que os partidarios da lingua A insistan nas vantaxes do bilingüismo. Semella evidente que o coñecemento de varios idiomas é sempre positivo e útil; pero os argumentos destes grupos –sociedades, institucións etc.– son sospeitosos dabondo, na medida en que pretenden xustificar unha escasa propensión ao restablecemento do equilibrio entre os dous idiomas.

Ideoloxicamente, o bilingüismo foi a cobertura, aparentemente neutra, de todo proceso de asimilación. Ningunha comunidade pasa dun idioma a outro per saltum mortalem. A asimilación implica, precisamente, unha situación inestable na que o bilingüismo (substitutivo ou diglósico) sempre está presente durante un tempo máis ou menos longo. E dadas estas condicións, a exaltación do “bilingüismo”, como recurso polémico, serve para racionalizar e impulsa-la substitución.

Rafael L. Ninyoles

5. Conflito lingüístico. O ecolingüismo

O **conflito lingüístico** aparece nunha sociedade cando **dúas linguas compiten** por desempeñar todas as funcións posibles. Esta fricción adoita producirse cando a lingua allea a un territorio tenta usurpar funcións que estaban tradicionalmente asociadas á lingua propia dese territorio. Isto é o que vén acontecendo entre galego e castelán.

5.1 CAUSAS DO CONFLITO LINGÜÍSTICO

A coexistencia de dúas linguas nun mesmo territorio adoita producirse por diversas razóns de carácter histórico:

- Procesos de expansión e de unificación política.
- Presión cultural e económica.
- Movementos migratorios.

No caso do galego, foi nun comezo o primeiro factor o que provocou unha situación de dominio sobre Galicia por parte de Castela, traducíndose asemade nunha conxuntura de opresión lingüística. É nesta altura cando a coexistencia entre galego e castelán adquire a dimensión de conflito e se produce o fenómeno da diglosia.

O castelán comezou a substituír o galego nos usos cultos (literatura etc.) e empezou a introducirse polas capas máis altas da sociedade; así mesmo, instalouse como lingua oficial nas actividades burocráticas. Fóronse establecendo deste xeito diferenzas xerárquicas e de prestixio social por razóns de lingua: o castelán será o idioma das clases superiores e o galego quedará adscrito ao estamento popular.

Neste contexto, semella que o emprego do **castelán** habería ser unha condición indispensable que posibilitase o **ascenso social**. Pasar dunha clase inferior a outra superior esixiría un cambio de lingua, circunstancia á que se van apuntando moitos galegofalantes e se vai estendendo en sentido descendente na xerarquía social (os signos externos de clase serán imitados e adoptados sucesivamente polos estratos inferiores), co que o castelán se vai introducindo progresivamente en toda a sociedade.

O mundo, plurilingüe desde as súas orixes, é polo propio plurilingüismo o lugar dun vasto conflito semiótico, dunha tensión permanente entre o gregario e o vehicular, a lingua da casa e a lingua do pan, as linguas do poder e as da minoría. Esta tensión é un dos motores da historia, e as linguas cambian da mesma maneira que cambia o mundo. A evolución das relacións recíprocas que manteñen son testemuño da evolución das sociedades. [...]

As familias plurilingües son un lugar de conflito lingüístico, isto non estrañará a ninguén, e ademais reproducen e reflicten os conflitos lingüísticos de máis amplitude da sociedade que os arrodea.

Louis-Jean Calvet

5.2 CONSECUENCIAS DO CONFLITO LINGÜÍSTICO

Esta identificación cultural co grupo dominante conduce ao individuo, en moitos casos, a adquirir unha sensibilidade especial respecto da súa propia “inferioridade”, o cal se manifesta nunha falta de autoestima e nun **autoodio** que se traduce, entre outras cousas, no **menosprezo cara á propia lingua**. Aínda que este sentimento de autoodio non se dá en todos os individuos (máis ben é propio das clases medias urbanas), constitúe un dos graves problemas cos que se ten que enfrontar o noso idioma.

Porén, o abandono da lingua propia –neste caso, o galego– implica que o individuo deberá integrarse tamén na cultura da outra lingua para “ascender” na escala de prestixio, feito que provocará a desconfianza daqueles individuos da súa mesma clase social que ven nisto unha actitude de **deslealdade** en relación co grupo social e cultural orixinario. Obviamente, a actitude destoutros individuos é a oposta, é dicir, a de reforzar os vínculos co grupo social ao que pertencen e de enfrontamento co grupo dominante.

O conflito lingüístico maniféstase, pois, na sociedade. Nos últimos tempos estendeuse tamén a ámbitos modernos como o dos medios de comunicación e as novas tecnoloxías, onde a nosa lingua ten que competir, en loita desigual, non só co inglés, senón –e sobre todo– co español, candidato a ocupar os espazos comunicativos e culturais tradicionalmente galegos.



En Galicia, o conflito entre galego e castelán agudizouse cando unha parte da poboación rural galega, por mor da crecente industrialización que se produciu a partir dos anos sesenta do século XX, se mobilizou cara aos núcleos urbanos, producíndose a asimilación parcial ao castelán por parte deste sector de galegofalantes. Isto sucedeu por estaren expostos a frecuentes contactos con individuos doutras capas sociais con outros valores e formas de conducta lingüística, que foron interpretados como elementos de “progreso”.

5.3 ALTERNATIVAS AO CONFLITO LINGÜÍSTICO. O ECOLINGÜISMO

No que concirne á loita lingüística existen, a grandes riscos, dúas posturas encontradas:

- A **uniformidade lingüística**: a utilización dun único “idioma común” para todo o mundo pois os seus defensores cren que a diversidade lingüística é un obstáculo para o progreso da sociedade.
- O **ecolingüismo** ou ecoloxismo lingüístico: postura que implica que cada comunidade lingüística debe manter, conservar e promover a súa propia lingua, establecendo unha segunda lingua exclusivamente para as relacións con outras lingüisticamente diferentes.

No caso de Galicia, a uniformidade levaría inevitablemente a que o castelán se impuxese sobre o galego, situación non desexable que cómpre evitar a través dunha política lingüística eficaz.

As políticas lingüísticas (...) necesitan ter un certo grao de lexitimación social, a xente precisa percibir esas políticas como lexítimas. E un compoñente fundamental desta lexitimidade é a credibilidade (...) que se consegue demostrando un compromiso coa lingua que vaia máis alá da mera retórica ou das meras medidas de cara á galería.

Henrique Monteagudo

ACTIVIDADES

1. Le o texto seguinte e realiza as tarefas propostas

Claro está que non todas as linguas naceron iguais. Pero direi delas o que digo das persoas, e é que todas teñen o mesmo dereito a que se respecte a súa dignidade. Desde o punto de vista da necesidade de identidade, o inglés e mais o islandés desempeñan exactamente o mesmo papel; e é cando contemplamos a outra función da lingua, a de instrumento de relación entre as persoas, cando deixan de ser iguais. [...]

Que para comunicármonos co resto do planeta hoxe sexa necesario saber ben inglés é unha evidencia que sería inútil discutir; pero sería igualmente inútil pretender que o inglés é suficiente. Aínda cando responda á perfección a algunhas das nosas necesidades actuais, hai outras ás que non responde; sobre todo á necesidade de identidade...

Para os estadounidenses, os ingleses e algúns outros, o inglés forma parte da súa identidade, claro está, pero para o resto da humanidade, é dicir, para nove décimas partes dos nosos contemporáneos, non pode cumprir esa función, e sería perigoso facer que a cumprise salvo que queiramos crear lexións de persoas descentradas, extraviadas, de dislocada personalidade. Para que unha persoa poida sentirse cómoda no mundo actual, é esencial que non sexa obrigada, para entrar nel, a abandonar a lingua que forma parte da súa identidade. Ninguén debería verse forzado a “expatriarse” mentalmente cada vez que abre un libro, cada vez que se senta perante unha pantalla, cada vez que discute ou reflexiona. Todos os seres humanos deberíamos poder apropiarnos da modernidade, no canto de ter constantemente a sensación de pedírllela emprestada a outros.

Ademais, e ese é o aspecto que me parece máis importante salientar hoxe, xa non abonda coa lingua propia, a que forma parte da identidade, e a lingua mundial. Non poden quedarse aí os que teñen os medios, a idade e a capacidade necesarias. Que un francés e un coreano poidan comunicarse en inglés cando están xuntos, e discutir, e facer negocios, constitúe, sen dúbida, un avance en relación co pasado; pero que un francés e un italiano só poidan falar en inglés é, indiscutiblemente, un retroceso e un empobrecemento da súa relación. [...]

Destas observacións tento tirar unha conclusión que é, ao meu xuízo, fundamental: no caso das linguas, e aínda en contra do que parece, limitarse ao mínimo estritamente necesario sería contrario ao espírito do noso tempo: Entre a lingua propia e a lingua mundial hai moito espazo, un espazo inmenso que temos que saber encher. [...]

O día de mañá podería haber incluso, [na Unión Europea] ademais da moeda única e dunha lexislación unificada, un mesmo exercito, unha mesma policía e un mesmo goberno; pero se se tenta deixar fóra a máis minoritaria das linguas, desencadearíanse as reaccións máis pasionais, máis incontrolables. Para evitar a traxedia é preferible, por alto que sexa o custe, traducir, traducir e traducir ...

Amin Maalouf, *Identidades asasinadas*. El País 28-2-1999

- Indica o tema do texto e resume brevemente o seu contido.
- Elabora un esquema do texto a partir das ideas principais de cada parágrafo.
- Redacta un comentario crítico no que xulgues as ideas expostas polo autor do texto confrontándoas ao mesmo tempo coa túa propia visión persoal.

2. Le o seguinte texto e realiza as tarefas propostas

Como na escola nos ensinaron a identificar unidade política europea con idioma nacional (“para España o español, para Italia o italiano, para Francia o francés, etc.”), o multilingüismo segue a ser unha realidade pouco explorada, considerado como un problema que precisa solución en lugar dunha riqueza da que gabarse. Pero o monolingüismo non é a realidade normal, nin sequera é unha realidade desexable, inevitable ou suficiente. Fóra dese reduccionismo escolar, na maioría das rexións do mundo os individuos desenvolven as súas vidas mediante o uso de varias linguas.

As contas saen de xeito ben doado: temos unhas seis mil linguas e uns douscentos cincuenta estados ou territorios independentes; xa que logo, as linguas teñen que solaparse, compartir territorios e mesmo instalarse á vez nas mentes dos individuos. E o reparto non é equitativo e resiste a calquera análise simplificadora. De entrada hai linguas que gozan de excelente estado de saúde. (...) No outro extremo, a maior parte das linguas da humanidade subsisten en precario: sen posibilidade de acceder aos grandes modelos de prestixio simbólico, sen presenza efectiva nos medios de comunicación, na ciencia ou na arte, as máis das veces mesmo sen existencia por escrito. Como calquera outro reparto de riqueza, o das linguas é problemático pola parte que a todos nos toca de culpabilidade no asunto.

Teresa Moure, 2003 (PAU de xuño 2005, opción 2)

- Fai un esquema coas ideas principais e secundarias do texto.
- Partindo do que se di entre as liñas 2 e 3 (desde *o multilingüismo* ata *gabarse*), expón a túa opinión persoal sobre as vantaxes e inconvenientes do multilingüismo. (Mínimo 200 palabras)

3. Le o seguinte texto e realiza as tarefas propostas

Polo que respecta ao número de falantes, é frecuente a argumentación a favor das linguas multimillonarias sobre a base dunhas posibilidades hipotéticas de comunicación. Dende o punto de vista das estatísticas, está claro que os falantes do chinés mandarín se poden comunicar con máis xente cós que teñen coma lingua propia (¡pobres!) o inglés. Xa se ve, intuitivamente, que iso das estatísticas non acaba de cadrar (seguramente coñeceredes o chiste sobre aquela aldea de cen habitantes, o seu amo tiña cen vacas, mentres que os outros non tiñan ningunha: as estatísticas daban coma feliz resultado que cada habitante tiña unha vaca). Pola súa banda os gregos só (¿só?) poden falar con dez millóns de persoas, e un castelán falante pódese comunicar con trescentos millóns. ¿Quen e cando? Cómpre baixar das nubes estatísticas para pisar a boa terra da realidade: os falantes normais (non os altísimos executivos, os diplomáticos e os catedráticos), os que traballan cada día e saen da casa, collen o metro, chegan á oficina e, se cadra, veranean nun apartamento de beiramar (terceira liña de mar) a oitenta quilómetros da súa casa, estes non soñan con millóns; e teñen bastante sorte se poden contar cos dedos das mans o puñado de boas amizades que lles fan a vida agradable. Cómpre ver claro: se se precisa outra lingua, xa se aprenderá de boa gana e sen complexos; e o que non se pode facer (porque non é ético) é valorar as linguas de máis a menos por causa do número dos seus falantes: unha lingua é o patrimonio dun pobo, é parte dos seus sinais de identidade. E, en cuestións de identidade, as estatísticas non teñen nada que dicir, nada que ver.

Jesús Tusón (traducido), 1990 (PAU de setembro 2007, opción 2)

- A) Sinala cal é a estrutura do texto.
- B) Expón a túa opinión crítica sobre o que o autor di no texto. (Mínimo 200 palabras)

4. Le o texto seguinte e realiza as tarefas propostas

O fenómeno da morte das linguas seguramente é tan antigo como a propia existencia da linguaxe e do contacto entre linguas. A diferenza cos procesos do pasado é, con todo, a velocidade e a cantidade na que se dan actualmente. Non hai ningún lugar no mundo onde non se estea a restrinxir a diversidade lingüística, e a situación de moitas comunidades leva a pensar que, ao longo deste século, poden desaparecer entre o 50 e o 95% das linguas faladas na actualidade.

A UNESCO alertou sobre a perda da diversidade lingüística e fixo varias recomendacións para deter e reverter o proceso de homoxeneización lingüística no mundo. Pero a consideración deste proceso como un problema grave para a humanidade espertou moi recentemente. A comunidade científica, e moi especialmente os lingüistas, tardaron moito en decatárense das implicacións deste fenómeno, ata convertelo na actualidade en motivo de preocupación e en obxecto de investigación preferente.

A morte dunha lingua non significa unicamente a perda dun sistema de comunicación ou dunha parte do patrimonio inmaterial da humanidade. É un proceso devastador no que unha comunidade, empurrada por circunstancias sempre insoportables, abandona o uso da súa lingua. Pero é tamén un proceso individual no que unha persoa, un membro dunha comunidade implicada nun proceso de substitución, corta o vínculo máis íntimo cos devanceiros e coa súa historia. O desarraigamento por substitución lingüística, que adoita comportar un desexo de mellora, paradoxalmente adoita acabar na marxinación de individuos que, ao renunciaren á súa historia, se atopan sen pasado e sen futuro e sen saberen cal é o seu lugar no mundo.

Adaptado de Carme Junyent, en *Sociedades plurilingües*, 2009 (PAU de xuño 2016, opción B)

- a) Elabora un esquema coas ideas principais e secundarias do texto
- b) Explica coas túas propias palabras o paradoxo, asociado aos procesos de substitución lingüística, a que alude a autora na parte final do seu texto (parte subliñada). Por que é un paradoxo?
- c) Redacta un texto expoñendo de maneira argumentada as vantaxes e inconvenientes da hipótese de chegarmos a ter unha lingua universal. (Extensión aproximada 200-250 palabras)

5. Le o texto seguinte e realiza as tarefas propostas

Galiza é unha parte do Estado español que fai fronteira co norte da República Portuguesa e que dispón dun goberno propio, a Xunta de Galiza, cun grao de autonomía semellante ao dun estado federado, se ben con matices diferenciais importantes.

A pesar da pertenza ao Estado español, Galiza conta con peculiaridades históricas, económicas, sociais e culturais que pouco ou nada teñen que ver coas que se identifican habitualmente coa nación española: as corridas de touros non son propias de Galiza, non hai danza ou música “flamenca”, o traxe típico non leva “volantes”, non hai unha ampla chaira facilitadora da comunicacións, a auga non é escasa nin está maioritariamente contaminada, aínda que tamén haxa ríos contaminados, non falta produción enerxética nin condicións para a aumentar, a influencia da cultura moura é ínfima, sendo ben máis importante a celta... e a lingua propia de Galiza non é o castelán ou español.

Cal é, entón, a lingua de Galiza? O certo é que os filólogos galegos non chegaron a un acordo con relación a isto, podendo sintetizar as súas posturas en dous grandes bloques: o dos que defenden que a lingua galega é unha variante da lingua portuguesa con máis ou menos particularidades e o dos que postulan que a lingua galega é diversa da portuguesa, a pesar de teren sido a mesma lingua no pasado e de aínda hoxe semellárense enormemente. No entanto, todos coinciden en algo: as persoas que coñecen a lingua galega comunícanse con extrema facilidade coas que usan o portugués. Isto é, precisamente, o que xustifica a emerxencia nos últimos tempos de inúmeros proxectos galego-portugueses, o que explica o lema “Galician people speak Portuguese” usado por un órgano oficial, o Instituto Galego de Promoción Económica, na súa publicidade nos EUA, ou o que dá sentido á recente creación en Galiza do Observatorio Galego da Lusofonía (Ogálus).

Se a esta facilidade comunicativa entre a comunidade de expresión portuguesa e a comunidade galega acrecentamos o feito de a lingua portuguesa ter o seu berce no medieval Reino de Galiza, que incluía o territorio da actual Comunidade Autónoma Galega transcendéndoo aínda amplamente, parece lexítimo reivindicar que Galiza sexa recoñecida polo resto da Lusofonía como membro de pleno dereito e que, por tanto, as actividades e institucións dirixidas a este conxunto de países e rexións a teñan en liña de conta.

E que é o que Galiza pode brindar aos países e rexións da Lusofonía? Non sendo a resposta a esta pregunta o albo central desta breve reflexión, limitarémonos a facer un sumarísimo achegamento á mesma referindo, por exemplo: o innegábel atractivo turístico de carácter cultural, co Camiño de Santiago ou os inúmeros restos celtas e romanos; a enorme experiencia nese mesmo campo do turismo; a capacidade e coñecemento científico e técnico en sectores como a pesca e construción de navíos, as novas tecnoloxías, agricultura e pecuaria, xeración de enerxías renovábeis, produción de vehículos civís e militares, educación, construción, sanidade (un dos colectivos máis importantes de médicos estranxeiros en Portugal é o galego); unha potente, rica e efervescente produción cultural propia en todos os campos imaxinábeis; a obra dunha das maiores escritoras da literatura universal: Rosalía de Castro...

Así sendo, pódese aseverar con pouco medo de errar que calquera esforzo realizado para a aproximación entre Galiza e a Lusofonía será proveitoso para ambas as partes. Ás autoridades políticas e sociedade civil galegas corresponde agora dar pasos firmes na dirección dos territorios lusófonos, definidos como estratéxicos hai moito tempo en demasiados discursos retóricos que non acaban de ser suficientemente concretados. Mais, na Lusofonía... como irá ser acollida a descoñecida Galiza? Haberá quen teña vontade de descubrila, de recibila, de, en fin, apostar tamén por ela?

Ângelo Gonçalves Vicente (20/03/2006) coordinador do Observatorio Galego da Lusofonía

- Sinala se estamos diante dun texto no que predomina a tipoloxía descritiva, narrativa, expositiva ou argumentativa (razoa a túa resposta).
- Indica o tema do texto, a tese principal que se expón nel e os fundamentos nos que se sustenta.
- Dá a túa opinión razoada sobre a(s) idea(s) que se defende(n) no texto.

6. Le o seguinte texto e realiza as tarefas propostas

Cando as autoridades da Xunta falan de bilingüismo harmónico en realidade están a falar de diglosia, concepto sociolingüístico que quer decer, máis ou menos, que, dadas dúas linguas faladas nunha comunidade, unha delas é considerada Superior e outra Inferior. A Inferior tende a desaparecer da boca dos falantes porque eles se senten tamén Inferiores e todos queren ser Superiores aínda que sexa nas falas. Poñereilles un exemplo de diglosia.

Pouco antes de se iniciar a cabalgada de Reis de Vigo pasaba eu pola Praza da Independencia. Agradoume moito que se apagasen os altofalantes que desde había horas lanzaban sen cesar "villancicos", todos eles na lingua Superior (pretendidamente) e ningún na Inferior, que para os programadores municipais da gravación debe ser a nosa. Pero este non é o caso.

O caso é que, nun palco ou tribuna, estaban os Meigos ou Reis Magos de Oriente ataviados polo modo tradicional e unha señora que, de lonxe e sendo eu pouco agudo de vista, me semellou a alcaldesa de Vigo. Esta persoa dirixiuse á concorrencia nun discurso moi ben modulado e en galego. Detiven o meu paso para a escoitar e fíquei, en xeral, moi compracido polo que ouvía. Mais, veleiquí que, chegados a un certo intre, a oradora dixo algo así como:

–Nenos e nenas de Vigo, hai xa máis de dous mil anos houbo un acontecemento en Palestina. Tal acontecemento énos relatado así polo Evanxeo Segundo San Mateo:

E a oradora pasou a ler o Cap. II do Evanxeo anunciado:

–"Habiendo, pues, nacido Jesús en Belén de Judá, reinando Herodes, he aquí que unos Magos vinieron del Oriente a Jerusalén, preguntando: Dónde está el nacido Rey de los Judíos porque nosotros vimos en Oriente su estrella, etc."

Isto é a diglosia: a lingua Inferior pode servir para lles dirixir a palabra a un grupo de rapaces; ora ben, cando se bota man da "palabra de Deus", entón só se pode falar na lingua Superior. A Inferior é o galego, a Superior (neste caso, Divina), o Español, como seu propio nome indica.

Foi pena que a alcaldesa ou quen fose a persoa que fixo o pregón da Epifanía en tan correcto galego non botase man na ocasión dunha tradución dos Evanxeos á nosa lingua, que elas existen.

Até tal punto existen que precisamente o Evanxeo de San Mateo fora traducido xa por José Sánchez Santamaría a petición de Luis Luciano Bonaparte –da raza corsa e superdotada dos Bonapartenos– mediados do século XIX e publicado en Londres no ano 1861. O prólogo do fillo dun dos protagonistas do 18 de Brumario, segundo ten sinalado Xesús Alonso Montero, constitúe, descontando Sarmiento, o primeiro estudo científico do idioma galego.

Perdeu a ocasión a oradora de lle explicar ao público que o Evanxeo que conta o conto dos Meigos fora mandado traducir ao galego por un sobriño dos satanizados Xosé e Napoleón Bonaparte cuxa expulsión de Vigo tanto ten celebrado a xente que celebra estas cousas.

X.L. Méndez Ferrín, "Unha lección de diglosia". Faro de Vigo 7-1-2005

- Indica o tema do texto e fai unha síntese do seu contido.
- Explica e comenta as ideas principais que nel se expoñen.

7. Le o seguinte texto e realiza a tarefa proposta

Num momento da historia do planeta onde tudo parece anunciar un colapso induzido pela depredação humana, o conhecimento direto do mundo natural ficou perdido ou relegado a um nível secundário. Faz parte da história dos povos aborígenes, também dos aborígenes que nós fomos noutra época. Nesse contexto, uma perspectiva ecolinguística implica, á partida, relacionar as linguas com a nossa evidente desvinculação do contexto natural imediato. Esta tendência é especialmente cultivada naquelas partes do mundo onde a modernidade chegou forçada pelos processos de colonização: os linguistas trabalham lá a estudar a toda pressa as línguas perdidas ou em vias de extinção ainda parcialmente conservadas e dignas de consideração se quisermos completar a etérea noção de linguagem. Às vezes, como que animados por uma vocação missionária, tentam mesmo reavivar os vínculos dessas comunidades com o seu passado ancestral. Com frequência, ainda que não exclusivamente, trata-se dum trabalho antropológico ou etno-semântico. Hildo Honório do Couto (2007: 42) diferenciava dentro do âmbito geral da ecolinguística, três orientações e denominou a primeira delas, coincidente com este perfil, de ecologia linguística.

Teresa Moure, *LINGÜÍSTICA ECO- o estudo das línguas no Antropoceno*. 2019

- Que debe entenderse por ecoloxía lingüística segundo se nos informa no texto?

TEST DE RECAPITULACIÓN

1. Ademais de funcionar como medio de relación básico dentro dunha comunidade, a lingua propia:
 - a) *Establece a nosa pertenza a un grupo étnico nacional diferenciado.*
 - b) *Serve de sinal de identidade e facilita a organización do pensamento e a aprendizaxe.*
 - c) *Determina a maior predisposición para o desenvolvemento dunha cultura hexemónica.*
 - d) *Pode constituír un obstáculo insuperable para as relacións internacionais.*
2. Sinala a opción correcta:
 - a) *Que unha lingua sexa oficial nun Estado exclúea da eventualidade de estar minorizada noutro.*
 - b) *Non todas as linguas son iguais en canto á súa función de identidade colectiva.*
 - c) *Algúns idiomas están máis cualificados ca outros para a expresión de conceptos abstractos.*
 - d) *Hai linguas que ofrecen máis posibilidades de comunicación cun elevado número de persoas.*
3. Sinala a opción incorrecta:
 - a) *A rápida progresión do inglés como lingua internacional é relativamente recente.*
 - b) *A expansión do inglés sitúase nunha época na que a instrución está bastante xeneralizada.*
 - c) *A fixación do inglés sobre os pobos que toca é máis profunda que a do latín no Imperio romano.*
 - d) *O éxito do inglés como lingua internacional débese sobre todo á simplicidade da súa gramática.*
4. Que unha lingua se impoña sobre outras débese:
 - a) *Á súa calidade superior como sistema de comunicación.*
 - b) *Á súa sinxeleza, o que facilita a súa aprendizaxe.*
 - c) *Á súa pertenza a unha comunidade con maior poder.*
 - d) *A circunstancias puramente azarosas.*
5. Sobre a orixe das linguas sabemos con certeza:
 - a) *Que todas proveñen dunha única lingua primixenia.*
 - b) *Que carecemos de probas irrefutables para facer aseveracións definitivas.*
 - c) *Que se produciu nun lugar indeterminado entre A India e o oeste de Europa.*
 - d) *Que se produciu de xeito simultáneo en distintos emprazamentos.*
6. Sinala a opción correcta:
 - a) *Actualmente aínda se descubren novas linguas.*
 - b) *Actualmente xa non quedan linguas por descubrir.*
 - c) *Unha xeración non é tempo abondo para que desapareza unha lingua.*
 - d) *A gran diversidade lingüística garante que a extinción de linguas non sexa un problema grave.*
7. Sinala a opción incorrecta:
 - a) *Unha lingua minorizada é a que non cobre todas as funcións sociais.*
 - b) *Unha lingua minoritaria é a que ten un número relativamente pequeno de falantes.*
 - c) *Cantas máis funcións matrices cumpra unha lingua, maior prestixio acada.*
 - d) *O número de falantes é un factor relevante para que unha lingua se considere minorizada.*
8. Relaciona os seguintes termos –que designan diferentes concepcións na regulación das linguas– con cadansúa definición: **asimilación, pluralismo, vernacularización, internacionalismo**:
 - a) *Recoñecemento público e oficial da diversidade lingüística nun Estado.*
 - b) *Adopción dun idioma non autóctono como lingua oficial para fins educativos ou comerciais.*
 - c) *Adopción da lingua dominante na sociedade como a única oficial.*
 - d) *Restauración e oficialización da lingua autóctona.*
9. Indica se son verdadeiras ou falsas as seguintes asercións:
 - a) *A función de identidade é a que realiza a lingua no marco interno do individuo. V/F*
 - b) *O prestixio do que goza o español é o mesmo en calquera parte do mundo. V/F*
 - c) *En cada Estado adoita haber unha soa lingua oficial. V/F*
 - d) *En cada Estado adoita falarse máis dunha lingua. V/F*
 - e) *En Galicia actualmente o galego xa ten menos falantes nativos que o castelán. V/F*
10. Relaciona os elementos de cada columna establecendo tríos:

a)	Aprendizaxe primaria	e)	Expansión	e)	Máis funcións matrices
b)	Aprendizaxe secundaria	f)	Recesión	c)	(Presunta) harmonía lingüística
c)	Bilingüismo	b)	Estudo da lingua	a)	Función familiar
d)	Diglosia	a)	Falante nativo	f)	Menos funcións matrices
e)	Lingua A	c)	Individual ou social	d)	(Potencial) conflito lingüístico
f)	Lingua B	d)	Mesma ou diferentes linguas	b)	Función cultural